

El secreto de una buena vejez no es otra cosa que un pacto honrado con la soledad.(Gabriel García Márquez)

COMARCAS, CULTURAL

Ciclo de tertulias en Fene con gañadores do premio “Blanco Amor”

Posted by [redacción](#) · 17/09/2012 · [Dejar un comentario](#)

Fene.- A Concellería de Cultura e Deportes, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, ven de programar un ciclo de tertulias con gañadores de anteriores edicións do Premio de Novela Longa “Eduardo Blanco Amor”.

A primeira destas tertulias, conducida por Mercedes Queixas, terá lugar hoxe xoves, 20 de setembro ás 19 horas na Casa da Cultura de Fene e contará coa participación de Víctor F. Freixanes, gañador do Blanco Amor, Mugardos 1982, coa novela “O triángulo inscrito na circunferencia”.

O ciclo, que se desenvolverá entre o 20 de setembro e o 22 de novembro, desenvolverase consonte ao seguinte calendario:

- Xoves, 20 de setembro, tertulia con Víctor F. Freixanes conducida por Mercedes Queixas.
- Xoves, 4 de outubro, tertulia con Xesús Rábade Paredes, conducida por Verónica Martínez Delgado.
- Xoves, 11 de outubro, tertulia con Xavier Alcalá, conducida por Alfredo Ferreiro.
- Xoves, 25 de outubro, tertulia con Valentín Carrera, conducida por Tati Mancebo.
- Xoves, 8 de novembro, tertulia con Francisco Castro, conducida por Carlos Negro,
- Xoves, 22 de novembro, tertulia con Inma López Silva, conducida por Mercedes Queixas

Nestas tertulias, que terán lugar ás 19:00 h na Casa da Cultura, tanto o condutor/a como o público participante dialogarán co/coa autor/a gañador/a do Premio Blanco Amor sobre a obra do autor/a e nomeadamente da obra coa que gañou o Premio.

Na escolma de autores/as procurouse garantir a presenza daqueles escritores que gañaron nas edicións do Premio que tiveron lugar na nosa comarca (Víctor F. Freixanes, Mugardos 1982; Valentín Carrera, Narón 1990; Francisco Castro, Neda 2005; Xesús Rábade Paredes, Cedeira, 2006), de autores de Ferrolterra que obtiveron este prezado galardón (Xavier Alcalá) e con

algunha das tres mulleres gañadoras do Premio (Inma López Silva).

Victor Freixanes

Víctor Fernández Freixanes, nado o 24 de agosto de 1951 en Pontevedra, é un xornalista, editor e escritor galego.

Licenciado en filoloxía románica en 1973 pola Universidade de Santiago de Compostela. Tras unha estancia en Madrid traballou no departamento de actividades culturais de Radio Popular de Vigo e foi profesor colaborador do ICE en Vigo. Desde entón iniciou un intenso labor xornalístico en prensa, radio e televisión. En 1976 saíu do prelo o seu primeiro libro, *Unha ducia de galegos*, un libro de entrevistas e en 1980 publicou *Memoria dun fuxido*. Gañou o premio Modesto R. Figueiredo en 1978 con *A caza de cascudæ*. Con *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982) gañou o premio Blanco Amor. *O enxoval da noiva* (1988) e *A cidade dos césares* (1993) son outras dúas novelas salientables de Freixanes.

Profesor da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Presentou na Televisión de Galicia o programa dedicado aos libros e á literatura *A Trabe de Ouro* (1986-1987). Foi director xeral de edicións Xerais (1989-1993), director de edicións do Grupo Anaya e de Alianza Editorial (1994-1998), é director xeral da editorial Galaxia desde 2002. No ano 2004 leu o discurso de ingreso na Real Academia Galega.

Galicia Ártabra Digital